

XI CAMPIONATO GALEGO DE XADREZ LÓSTREGO 2026

Hotel Scala (Padrón – A Coruña), 23 de Maio de 2026.

- **Organiza:** Federación Galega de Xadrez
- **Local de xogo:** Hotel Scala (Padrón – A Coruña)
- O Torneo disputarase polo sistema suízo a 9 rondas. Segundo o número de inscritos. Incluso poderase facer un suízo acelerado sistema Baku se fose preciso.
- **O ritmo de xogo** será de 3 minutos + 2 segundos/xogada.
- **Torneo será válido para elo FIDE de xadrez blitz.**
- Antes do inicio da primeira ronda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE DE BLITZ (LÓSTREGO), tendo en conta a lista previa da FIDE. Se un xogador non tivera elo de BLITZ na FIDE, o seu ELO FIDE de xadrez standard será considerado como o valor inicial do ELO FIDE de BLITZ.
- Tódolos xogadores e xogadoras deberán estar federados antes do inicio do torneo, (circular 01/2026 da FEDA para torneos valedeiros para elo).
- **Empregarase o programa Vega para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 3 minutos**, pasados éstos o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.

SISTEMAS DE DESEMPATE

1. **Resultado particular (DE)**
2. **Buchholz brasileiro* (BH-C1)**
3. **Buchholz total* (BH)**
4. **Media do Buchholz dos rivais * (AOB)**
5. **Media do performance dos opoñentes ** (APRO)**
6. **Sorteo**

* Para as partidas non disputadas aplicarase a modalidade Baku 2023 da FIDE tanto para o cálculo dos rivais como o do propio xogador.

** Para os xogadores sen elo considerarase un elo de 1400

Unha ronda feita pública non se modificará, salvo que o árbitro decida outra cousa.

Si se introduce un resultado mal e se publica a ronda, ésta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.

Aplicarase o especificado no **artigo B3** das leis de xadrez da FIDE para xadrez lóstrego (partidas sen supervisión axeitada).

A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

HORARIO DE XOGO:

Presentación das listas de xogadores: 15:30 horas.

1ª Rolda: 15:45 horas 6ª Rolda: 18:30 horas

2ª Rolda: 16:30 horas 7ª Rolda: 19:00 horas

3ª Rolda: 17:00 horas 8ª Rolda: 19:30 horas

4ª Rolda: 17:30 horas 9ª Rolda: 20:00 horas

5ª Rolda: 18:00 horas

Clausura e Entrega de Premios: 20:20 horas

INSCRICIÓN:

- Máximo 130 xogadores participantes.
- As inscricións faranse a través da aplicación XEFEGA, figurando como inscrición "PROVISIONAL".
- Establécese unha única cuota de **10,00 €/xogador**:
Banco Sabadell - IBAN: ES71 0081 2281 9100 0112 0013
Non se realizará ningún tipo de devolución.
- Unha vez que a Federación comprobe os datos correctos da inscrición e reciba o xustificante de pago da mesma, o xogador pasará a estado "CONFIRMADO", quedando inscrito correctamente ao Campionato Galego.
- **Prazo de inscrición e pago da mesma: ata o 19 de Maio de 2026 (incluído).**
- Queda exento do pago da inscrición o Campión Galego de Xadrez Lóstrego 2025.

ALOXAMENTO:

Ata o 14 de Maio de 2026 (incluído).

Directamente no Hotel Scala.

Información e reservas: **981 81 13 12** – hotel@hscala.com.

HOTEL OFICIAL: Hotel Scala sito na Estrada N-550, S/N, 15917 Padrón (A Coruña).

PREZOS DO HOTEL CON IVE INCLUIDO (por persoa/día):

Tipo de habitación	Reximen PC	Reximen MP	Reximen A.D.
Individual	70,00 €	60,00 €	50,00 €
Doble	60,00 €	50,00 €	35,00 €
Triple	55,00 €	45,00 €	32,00 €
Cuádruple	55,00 €	45,00 €	32,00 €

Prezo das comidas e ceas soltas: 20,00 € (IVE incluído).

PREMIOS:

POSTO	
1º Clasificado	150,00 € + Trofeo
2º Clasificado	100,00 € + Trofeo
3º Clasificado	100,00 € + Trofeo
4º Clasificado	80,00 € + Trofeo
5º Clasificado	80,00 € + Trofeo
6º Clasificado	60,00 €
7º Clasificado	60,00 €
8º Clasificado	60,00 €

(*) A estas cantidades aplicaranse as retencións legais.

Vigo, a 07 de Maio de 2026.

Raquel Calleja Modia
Secretaria Federación Galega de Xadrez

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do campionato á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación, **retransmisións** ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fíxa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Cesión de dereitos de imaxe: A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos términos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.